


# CELEBRACIÓN DO DOMINGO EN OS COTOS

14 – 15 de marzo do 2020

## III DO TEMPO DA CORESMA



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,  
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,  
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,  
E COA NATUREZA MALTRATADA



## 1.- ENCONTRO EN FAMILIA

(tod@s na casa)

**(se se quere) CANTO** 🎵 n° 7 **Andarei na presenza  
SAÚDO DE BENVIDA**

### *Celebrante:*

Benvidos sexamos todos a esta oración. Reunímonos no nome do Pai, e do Fillo e do Espírito Santo.

Neste domingo, acercándonos xa á celebración da Pascua, a liturxia pon ante nós a imaxe da Samaritana, unha muller afastada de todos, a quen miran mal, e que vai buscar auga ao pozo onde se atopa con Xesús.

Neste momento que nos toca vivir, tamén afastados uns dos outros polo temor ao contaxio, é un signo para nós este evanxeo. Estamos todos sedentos de amor, de cariño, de amizade, de compañía. Temos desexos de compartir a nosa vida e a nosa oración cos outros, e non podemos facelo con normalidade, por responsabilidade e coherencia. Facémolo aquí en casa, en fogar.

Vivamos a nosa fe no encontro persoal con Xesús para despois poder compartir a nosa experiencia cos outros, como fixo a Samaritana. Ela foi quen de compartir cos demais o seu encontro, e fixo que outros moitos se acercaran tamén a Xesús co seu testemuño. Somos agora nós exemplo para todos, compartindo en familia.

## ACTO PENITENCIAL

**Celebrante:** *Nestes momentos nos que a nosa vida precisa de conversión e de cambio de actitudes, é necesario confiar na man de Deus e na súa misericordia, e na nosa responsabilidade. Pidamos perdón polos nosos egoísmos e despreocupacións respecto aos outros:*

### **Monitor/a**

- Perdoa, Señor, as veces que os nosos egoísmos e costumes, non nos deixan ter sede de caridade e solidariedade. Perdón, Señor, perdón
- Perdoa, Señor, as veces que os nosos desexos, as nosas razóns, non nos deixan ter sede de tolerancia, respecto e sacrificio. Perdón, Señor, perdón
- Perdoa, Señor, as veces que as nosas rutinas non nos deixan pensar nos demais e ter sede de esperanzas e ilusións. Perdón, Señor, perdón

**Celebrante** *Deus todopoderoso teña piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, dos que sofren as consecuencias dos nosos feitos e omisións. A todos nos conceda o perdón e nos leve á compartir a vida eterna. Amén*

## ORACIÓN PROPIA DO DIA

**Celebrante:** *Presentamos a Deus as nosas preocupacións e desexos, dun xeito especial nestes días que sentimos a separación dos nosos irmáns na fe polas circunstancias nas que vivimos.*

*(silenzo)*

Señor, fonte de toda vida e Pai da misericordia, ti aléntasnos nas dificultades e atrancos da vida, e propomos que sexamos responsables do noso coidado e no dos nosos irmáns.

Acolle con amor o recoñecemento da nosa humildade axudándonos a ABSTERNOS do que nos poida facer dano a nós, e do dano que nós poidamos facer aos demais.

Pedímoscho a Ti, por Cristo noso Señor. Amén

## 2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

**(sentad@s)** a palabra de Deus proclámase dende o ambón  
*No Leccionario I– A páxina 64* **LECTURA**

### LECTURA DO LIBRO DO ÉXODO

O pobo, sedento, seguía queixándose por auga a Moisés:

-"Porqué nos sacaches de Exipto, para facernos morrer de sede, a nós, aos nosos fillos e á nosa habenza?"

Moisés clamou entón cara ao Señor:

-"Que podo facer con esta xente? Acabarán por acantazarme".

O Señor respondeulle:

-"Pasa diante do pobo, toma contigo algúns dos anciáns de Israel, leva na man a vara coa que bateche o Nilo, e camiña. Eu presentareime diante túa alá no Horeb, onda o penedo. Ti baterás o penedo, e sairá auga del para que o pobo beba".

Moisés fíxoo así, á vista dos anciáns de Israel. Chamáronlle a aquel lugar Masah e Meribah, porque os israelitas contenderon co Señor e puxérono á proba, preguntando: -"Está o Señor connosco ou non?".

### **Palabra do Señor**

*(se se quere pode cantarse)*

♫ *nº 41 Quen nos vai separar de Ti* SALMO

(en pé) *No Leccionario I – A páxina 62* EVANXEO

### **PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO**

#### **SEGUNDO XOÁN**

Daquela, necesitaba pasar Xesús, pola Samaría. Chegou a unha cidade da Samaría chamada Sicar, preto do terreo que lle deixara Xacobe a seu fillo Xosé. Estaba alí o pozo de Xacobe. E Xesús, canso do camiño, sentou onda o pozo. Era ao pé do mediodía. Chegou unha muller da Samaría sacar auga. E Xesús díxolle:

-Dáme de beber.

(Os seus discípulos foran á vila, mercar comida).

Preguntoulle entón a muller samaritana:

-Como é que ti, sendo xudeu, me pides a min, muller samaritana, que che dea de beber?

Respondeulle Xesús:

-Se coñeceras o don de Deus e quen é o que che di "dáme de beber", ti mesma lle pedirías a el e el daríache auga viva.

Replicoulle a muller:

-Señor, se ti nin sequera tes caldeiro e o pozo é fondo, de onde pensas quitar esa auga viva? Seica es ti máis có noso pai Xacobe, quen nos deu este pozo, do que beberon el, seus fillos e mailo seu gando?

Xesús contestoulle:

-Todo o que bebe auga desta, terá sede outra vez; pero o que beba da auga que eu lle darei, nunca mais terá sede: a auga que eu lle darei, converterase dentro del nunha fonte que saltará ata a vida eterna.

A muller suplicou:

-Señor, dáme, logo, desa auga para non ter sede nin ter que vir aquí por ela.

-Señor, vexo que ti es profeta. Os nosos pais adoraron neste monte e vós dicides que é en Xerusalén onde hai que adorar.

Xesús díxolle:

-Faime caso, muller: chega a hora en que nin neste monte nin en Xerusalén adoraredes o Pai. Vós adorades o que non coñecedes; nós adoramos o que coñecemos, pois a salvación vén dos xudeus.

Pero chega a hora -é xa agora- en que os verdadeiros adoradores adorarán o Pai en espírito e verdade, pois eses son os adoradores que procura o Pai. Deus é espírito e cómpre que os que o adoran, o adoren en espírito e verdade.

Respondeu a muller:

-Sei que está para vir o Mesías, o chamado Cristo. Cando el veña, hanos anunciar todas as cousas.

Díxolle Xesús:

-Son eu, o que está falando contigo.

Moitos samaritanos daquela vila creron nel. Por iso os chegados onda el, rogábanlle que quedase con eles; e quedou alí dous días. E creron aínda moitos máis polo que el lles dixo. Dícíanlle despois á muller:

-Xa non cremos polo que ti nos dixeches: nós mesmos o escoitamos e sabemos que este é de verdade o Salvador do mundo.

### Palabra do Señor

**(sentad@s)** gardamos uns instantes de silencio para acoller a Palabra no corazón

Neste momento lemos o texto que temos para explicar o taboleiro de coresma

3º de CORESMA

## XAXÚN - ABSTERSE

O significado de xaxún no día de hoxe é absterse das cousas que para nós nestes momentos son vicios e non os quitamos de enriba. Podemos faceloll!

Xaxúa de non dicir nada que faga mal a outros.  
Pois, de que serve non comer carne se devoras ao teu irmán?

Animáte ao xaxún:  
xaxúa de palabras ofensivas e transmite palabras benditosas,  
xaxúa de queixas e énchete de cousas sinxelas,  
xaxúa de tristuras e énchete de alegría,  
xaxúa de egoísmo e énchete de compaixón.

Isaías 58:6  
O xaxún que escollin, non é mais ben romper as cadeas de inxustiza e desatar as correas do xugo, por en liberdade os aprimidos e romper toda atadura?

O xaxún non é cuestión de estómago senón de corazón.

**Oración**  
Para que a túa palabra non sobre na miña mochila.  
Para que poida coñecerme mellor, para que a miña caridade floreza co sinxelo, que miña oración brote como un raio de sol entre as nubes, e sobre todo, que nunca deixe de buscarte. Xesús, axúdame tamén, para que este tempo de coresma sexa un oasis de paz, xa sei que queres que te mire aos ollos e así poida descubrir que merece a pena seguirte. Por todo isto, Xesús axúdame.

**CORESMA** corenta días para

- ESFORZO
- PERDÓN
- ARREPENHIMENTO
- ACOLLIDA
- CARIDADE
- ORACIÓN
- DIALOGO
- TOLERANCIA

**Oración de Caresma**  
Pai noso, nesta época de arrepentimento, coa nosa oración, o noso xaxún e as nosas boas obras, transforma o noso egoísmo en xenerosidade. Abre os nosos corazóns, axúdanos a facer o ben neste mundo. Fai que transformemos a escuridade e a dor en vida e alegría. Amén.

Xaxúamos:  
para fortalecer e tranquilizar o corazón,  
para camiñar en liberdade e liberarnos dos apegos terrecios,  
para eliminar os excesos da nosa vida,  
para practicarmos a pobreza de espírito.

## Presentamos o taboleiro da coesma

En todos estes días de coesma estamos preparándonos para a Pascua. Acompañanos este taboleiro. Hoxe facémolo dende a nosa casa.

Esta terceira semana fálanos de XAXÚN-ABSTERSE. Significa atrevernos a quitar do medio todo o que dificulta o noso coidado e o dos demais. Só o podemos facer dende o corazón.

Absteñámonos de todo aquilo que ás veces dicimos ou facemos, e mesmo sen querer, pode facer dano aos demais. Non se trata de absterse de comer algo, senón de amar; non se trata de estómago, senón de corazón.

Xaxún é rachar as cadeas da inxustiza e desatar a liberdade de quen se sente oprimido de calquera xeito.

Absteñámonos de moitas cousas e deixémonos encamiñar da man de Deus, que nos chama e nos agarima na PASCUA do seu fillo Xesús.

Xaxuemos para fortalecer o noso corazón e camiñar en liberdade, practicando a pobreza e a grandeza das cousas sinxelas e pequenas, como o estar agora en casa rezando xuntos.

## PROFESIÓN DA FE

*Celebrante: Sabendo que o Pai está sempre á nosa beira, proclamamos a fe que nos guía no camiño cara a Pascua. Dicimos*

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

### *Monitor/a*

Credes en Deus Pai,  
que nos convida a acoller ao seu Fillo benquerido como auga viva que farta as nosas sedes, sobre todo nos momentos difíciles?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús,  
que, como coa muller samaritana, nos ofrece a súa vida como fonte de auga viva?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo,  
que nos pon no camiño que vai da coesma á Pascua, e que nos alenta para achegarnos a quen ten sede de paz, sede de xustiza, sede de solidariedade?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na Igrexa,  
comunidade que peregrina cara á Pascua, cara á Vida, cara á Resurrección?

*Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*



(en pé) **ORACIÓN UNIVERSAL**

**Celebrante:** *Señor, os que formamos a comunidade de Os Cotos queremos beber a auga que Ti nos dás para reforzar a nosa debilidade. Confiados rezamos dicindo:*

**Pai, escóitanos**

**Monitor/a**

1. Para que a Igrexa saiba dar respostas adecuadas e ao seu tempo a todos os crentes neste intre no que precisamos a auga da fe compartida. Oremos
2. Por todas as persoas que non comprenden a necesidade do sacrificio persoal para o ben de todos. Oremos
3. Por nós, para que coma crentes sexamos quen de dar exemplo coa nosa vida e actitudes neste momento en que se pide a nosa colaboración e oración para superar esta pandemia. Oremos
4. Polas persoas afectadas polo virus, para que reciban os coidados sanitarios necesarios para superar a enfermidade. Oremos
5. Polos profesionais da sanidade, para que non decaian no seu esforzo e saiban mostrar esperanza e amor aos que teñen ao seu coidado. Oremos.

**Celebrante:** *Grazas, Señor, porque estás á nosa beira escoitándonos e acolléndonos. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

**3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS  
EN FAMILIA**

**NOSO PAI**

**Celebrante:** *Hoxe rezamos na nosa casa a oración que Xesús nos ensinou, querendo facer nosas as súas palabras.*

*Recemos dicindo NOSO PAI ...*

**SIGNO DA PAZ**

**Celebrante:** *Os nosos desexos de paz para todos mostrámolos hoxe recordando a aqueles veciños que participan outras veces ao noso lado na celebración comunitaria da fe. (Podemos dicir en alto o nome de veciños e veciñas que botamos de menos neste rezar de hoxe)*

**NON COMULGAMOS  
PERO ESTAMOS EN COMUÑÓN**

**Celebrante:** *Celebrar a fe leva a comprometer a vida en construír un mundo que sexa compartido, un mundo que coma camiño de coresma quere amar e facer ben aos demais para superar todo aquilo que separa e divide.*

*Ditosos nós que en familia celebramos a nosa fe.*

## 4.- ORACIÓN FINAL

### *Celebrante*

Deus, noso Pai,  
Ti aliméntasnos co evanxeo da vida,  
que enche a nosa fe, fai medrar a esperanza  
e enfortece a nosa caridade.

Axúdanos a ter sempre sede de Xesús,  
e a esperarmos cun corazón alegre e renovado  
a celebración da Pascua, que deu sentido á súa vida  
e enche de vida as nosas. Por Cristo, noso Señor.  
Amén.

*Con Xesús queremos ser auga viva na nosa familia, na  
nosa parroquia, no noso rural, coas nosas xentes, aínda  
que sexan poucas e maiores, e hoxe por  
responsabilidade teñamos que estar na casa.*

*Con Xesús queremos sentir o acougo de quen ofrece o  
mellor aos demais, e acaba sentíndose acollido.*

*Con Xesús queremos achegarnos á vida auténtica  
porque non podemos fuxir da realidade da pandemia,  
sen esquecer os refuxiados, a violencia de xénero, os  
que sofren abusos, e tantas persoas necesitadas do noso  
bo facer.*

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,  
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal  
e nos leve á vida eterna. Amén.*



Se nalgún momento sabemos de alguén que necesita algo (alimentos, butano, medicamentos, ... ou o que sexa), fágasenos sabelo, e poremos da nosa parte todo o necesario para resolvelo. Os párrocos e a parroquia quedamos á vosa disposición.